

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 02/06/2025
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

SONIA OUTÓN CASAL

CARLOS COIRA LOJO

DIEGO GARCÍA SANTIAGO

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

PAOLA MARIA MOCHALES

Lista de non asistentes

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTOR

JULIO FONTAÍÑA COUSO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 02/06/2025 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión . Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 26-may-2025, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2025/2056

Dáse conta do escrito presentado por Dona Maria Goreti Reiris Reinoso, Presidenta da Comisión de Festas A Fonteña de Trabanca Sardiñeira, solicitando autorización para celebración da romería anual no Camiño Real de Trabanca Sardiñeira (antigo Campo da Festa), o día 1 de xuño de 2025.

Dáse conta de informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/2057

Dáse conta da proposta do Servizo de Vías Públicas:

O palco modular do que dispón o Concello é sometido a revisións periódicas por parte dun enxeñeiro técnico industrial, co fin de garantir a súa solidez e seguridade durante o uso en actos públicos. Na última inspección realizada, detectouse que seis pranchas presentan danos de gravidade que impiden a súa utilización, quedando totalmente inutilizadas.

Tendo en conta que durante os meses de verán increméntase de maneira significativa a demanda de uso do palco con motivo de diversas celebracións e eventos, resulta urxente e imprescindible proceder á reposición das pranchas danadas para asegurar a dispoñibilidade e seguridade do equipamento.

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa PRODUCCIONES SEGURANA, S.L. con CIF: B-44189231, para subministro de 6 taboleiros de 2000 x 1000 mm resistentes á intemperie con marco de aluminio e perfil para fixar accesorios, por un importe total de 2.076,36 €. (IVE incluído), con cargo á partida 334.213.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/2092

Dáse conta da proposta do Servizo de Vías Públicas:

A praia do Preguntoiro, situada na parroquia de Vilaxoán, carece na actualidade de baños públicos. Durante a tempada estival, esta zona experimenta un notable incremento de visitantes, o que supón unha demanda crecente de servizos básicos, entre os que destaca o acceso a instalacións sanitarias. Co fin de garantir unhas condicións adecuadas de hixiene e confort para os usuarios da praia, resulta necesario dotar a zona cun servizo de baño portátil, coas seguintes características, do 16 de xuño ao 15 de setembro, ambos inclusive:

- Alugueiro dun baño portátil sanitario modelo AIS 4MT, dotado de conexión a rede de abastecemento de auga e rede de saneamento.
- A instalación do módulo sanitario realizarase na contorna da praia do Preguntoiro.
- A conexión ás redes municipais de auga e saneamento será executada polo persoal de fontanería do Concello.

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa BAYGAR, S.L. con CIF: B-12.019.659, por un importe total de 484,24 €. (IVE incluído), con cargo á partida 1722.203.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/2099

Dáse conta de proposta do Servizo Municipal de Protección Civil e Xestión de Emerxencias, en relación coa necesidade de subministro de artigos de uniformidade para os socorristas do servizo de praias para a época estival 2025.

Vista a proposta, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa SepyMedical S.L.U. con CIF B-36.484.822., por un importe total de 1.245,82 €, con cargo á partida 1722.22104, para subministro de 24 camisetas e bañadores e 12 sudadeiras para os días de frío, coas lendas "Socorrista" e "Plan de Cooperación 2025".

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/2101

Dáse conta de proposta do Servizo Municipal de Protección Civil e Xestión de Emerxencias, en relación coa necesidade de subministro de crema solar para os socorristas das Praias Concha-Compostela, Preguntoiro e Campanario, para a tempada de verán 2025.

Vista a proposta, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa SepyMedical S.L.U. con CIF B-36.484.822., por un importe total de 620,73 € (IVE incluído), con cargo á partida 1722.22199, para o subministro de 30 botes de crema solar factor 50+, de 200 ml. Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/2104

Dáse conta de proposta do Servizo Municipal de Protección Civil e Xestión de Emerxencias, en relación coa necesidade de subministro material sanitario para os postos de primeiros auxilios das Praias Concha-Compostela, Preguntoiro e Campanario, para a tempada de verán 2025.

Vista a proposta, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa

SepyMedical S.L.U. con GIF B-36.484.822., por un importe total de 3.975,52 € € (IVE incluído), con cargo á partida 1722.22199, para o subministromaterial sanitario funxible para a dotación das casetas de primeiros auxilios das praias mencionadas.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/2108

Dáse conta do escrito presentado polo Bloque Nacionalista Galego, solicitando autorización para ocupación de vía pública na Praza de Galicia, o día 31 de maio, en horario de 10 a 14 horas, co fin de realizar unha recollida de sinaturas por parte da ANPA do CEIP O Piñeiríño.

Dáse conta de informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/2110

Dáse conta do escrito presentado por Dona Andrea Castro Vázquez, en representación de AREVA, solicitando autorización para ocupación de vía pública coa instalación dunha carpa, unha mesa e 4 cadeiras, n cruce da Rúa Xeneral Pardiñas con Castelao, o día 7 de xuño de 2025, en horario de 10:00 a 13:00 horas, co motivo de informar á sociedade en xeral dos efectos nocivos do consumo abusivo de alcohol.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2025/2161

Dáse conta da sinatura do Protocolo entre o Consorcio da Zona Franca e os Concellos de Caldas de Reis e Vilagarcía de Arousa para o impulso e desenvolvemento da ampliación do Parque Empresarial O Pousadoiro.

No citado protocolo, tendo en conta a relevancia do impulso da actuación, as partes consideran procedente propoñer á Dirección Xeral de Estratexia Industrial da Consellería de Economía e Industria a tramitación dunha modificación puntual do Plan Sectorial de Áreas Empresariais de Galicia aos efectos de facer constar como promotor e xestor da ampliación do Parque Empresarial de O Pousadoiro ao Consorcio da Zona Franca de Vigo, para o cal se procederá á presentación ante dito organismo da solicitude a tal respecto asinada polos representantes das partes.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda remitir o citado protocolo aos efectos oportunos, á Dirección Xeral de Estratexia Industrial da Consellería de Economía e Industria.

PRP2025/2174

Dáse conta do escrito presentado por Dona Maria Rosa Rey Carballada, en representación de Global DXT Pontevedra, S.L. solicitando informe de viabilidade de paso por este Concello da proba de Ciclismo de Montaña, denominada Epic Race Pontevedra 2025, que se levará a cabo os días 7 e 8 de xuño, tendo o seu percorrido por varios concellos e que transcorre en parte por este concello. A Xunta de Goberno Local visto o informe da Policía Local acorda autorizar a celebración da citada proba, sen que exista obxección algunha ao seu desenvolvemento, nos termos indicados na solicitude presentada.

BENESTAR SOCIAL**BENESTAR SOCIAL****PRP2025/2163**

En base ao informe emitido pola Coordinadora de Servizos Sociais, en relación ao gasto a asumir polo Concello relativo á atención educativa e comedor da Escola Infantil Municipal do mes de MAIO 2025.

1.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local das seguintes contías:

a. Custe derivado da aplicación das bonificación do Decreto 49/2012 de réxime de prezos das escolas infantís 0-3 a asumir polo Concello en concepto de :

- Atención educativa: 15.627,78€

- Comedor: 6.313,95€

b. Custe que lle correspondería aboar ás familias e a asumir pola Xunta de Galicia de acordo coa Orde do 9 de Agosto de 2024 en concepto de:

- Atención educativa: 9.253,44€

2.- Na facturación do mes de febreiro de 2025, a contía total a transferir a Escola Infantil Municipal era de 30.366,31€, sen embargo na proposta constaba 30.336,31€ xerando unha diferenza a favor da entidade de 30€.

Polo tanto, a Xunta de Goberno Local, acorda aprobar o pago a favor da Escola Infantil Municipal, Bonecos Vilagarcía, S.L. con C.I.F. nº B 94065661, en concepto de bonificación municipal pola atención educativa e comedor e gratuidade da atención educativa para as familias, con cargo á partida 323.48007:

- Total a transferir á Escola Infantil Municipal do mes de MAIO 2025: 31.195,17€.

PRP2025/2173

Tras a reunión celebrada en data 28/05/2025 pola Comisión de Seguimento para o procedemento de admisión e ingreso na escola infantil municipal para o curso 2025/2026. Dende á área de Servizos Sociais, de acordo co Regulamento de Réxime Interior da Escola Infantil Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda o seguinte para o curso 2025/2026.

1. Aprobar a listaxe definitiva de admitidos para o curso 2025/2026.

2. Aprobar a listaxe de non admitidos por non presentar a documentación completa e non emendar a solicitude en prazo. Proponse establecer un prazo extraordinario de 5 días naturais para emendar as solicitudes e así ter dereito a praza solicitada para o curso 2025/2026.

3. Dar conta das prazas dispoñibles por grupo de idade segundo a listaxe definitiva de admitidos.

Ademais dispónse de dúas aulas libres para posibles novas agrupacións en función de novas demandas.

As novas solicitudes presentadas ata o 31 de agosto serán tramitadas e baremadas nun prazo extraordinario no mes de setembro para a súa inclusión na listaxe de agarda ou para a súa incorporación á escola de non existir listaxe de agarda.

4. Vista a listaxe de admitidos e os horarios solicitados aprobase o horario de apertura as 07:30 horas, e de peche as 17:00 horas, atendendo ao establecido no art. 8.1.d) do Regulamento de Réxime Interior da Escola Infantil Municipal que establece que o Concello unha vez analizadas ás solicitudes determinará o horario de peche en función de que o número mínimo de demanda non supere o 10% da ocupación total.

5. Acórdase como días de peche da EIM os días festivos do calendario laboral local e os días 24, 26 e 31 de decembro de 2025. A escola pechará ás 15:30 horas os días 5 de xaneiro e martes de entroido, en coherencia co estipulado para escolas infantís pertencentes á Rede de Galiñas Azuis da Xunta de Galicia.

EMPREGO

PRP2025/2046

Dáse conta da resolución da CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN, pola que se propón a renovación do SELO DE MERCADO EXCELENTE ao mercado de Vilagarcía de Arousa, ao abeiro da Orde do 4 de xaneiro de 2017 pola que se regula o procedemento para a obtención do selo de mercado excelente na CCAA de Galicia.

A Resolución, dispón:

Primeiro. A renovación do selo de Mercado Excelente ao Mercado de Vilagarcía de Arousa.

Segundo. A renovación do selo de Mercado Excelente, implicará os seguintes compromisos e facultades:

1. Manter os requisitos que deron lugar á obtención da puntuación mínima para acadar o selo de Mercado Excelente ou, de ser o caso, notificar á Dirección xeral de Comercio e Consumo calquera variación nestes, no prazo dun mes desde que se produza o feito que implica tal variación.
2. O Mercado de Vilagarcía de Arousa poderá utilizar o selo de Mercado Excelente nas súas accións de comunicación e publicidade, respectando a súa representación gráfica establecida na Guía Básica de Identidade Visual (MEG).
3. O selo de Mercado Excelente poderá ser valorado para os efectos de obtención de axudas da Xunta de Galicia conforme ao establecido na orde de convocatoria correspondente.

O recoñecemento como Mercado Excelente ten unha vixencia de 3 anos a contar desde a data desta resolución, ao fin dos cales deberá ser renovado por períodos sucesivos de igual duración.

Transcorrido o prazo de validez do selo de Mercado Excelente, o mercado de Vilagarcía de Arousa deberá solicitar a súa renovación ante a Dirección Xeral de Comercio e Consumo cunha antelación mínima de 6 meses á expiración do prazo da súa validez, e achegará xunto coa solicitude, anexo I de renovación, o anexo II de autoavaliación de mantemento dos requisitos que deron lugar a súa concesión. No caso de non solicitar a renovación no prazo indicado, o selo de Mercado Excelente quedará sen efecto transcorrido o seu período de validez.

Se transcorrido o período de validez, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración non resolvera a solicitude de renovación, poderá entenderse renovado o selo de Mercado Excelente.

Tendo en conta o exposto, a Xunta de Goberno Local queda sabedora da renovación do selo de mercado excelente ao Mercado de Vilagarcía de Arousa, así como das obrigas inherentes a dita concesión.

PRP2025/2050

Dáse conta do escrito da UNIÓN DE CONSUMIDORES DE GALICIA, en aplicación da lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e da lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas, no que solicita acceso e copia ao expediente administrativo completo tramitado nese concello para a obtención do selo de mercado excelente da praza de abastos de Vilagarcía de Arousa.

O artigo 12 da lei 19/2013 de 9 de decembro, establece o dereito de acceso á información pública, nos termos seguintes:

Todas as persoas teñen dereito a acceder á información pública nos termos previstos no artigo 105 b) da Constitución Española, desenvolvidos por esta lei.

Igualmente, no ámbito das súas respectivas competencias, será de aplicación a correspondente normativa autonómica.

O artigo 13 da mesma lei, establece que se entende por información pública os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que obren en poder de algún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación deste título e que fosen elaborados ou adquiridos no exercicio das súas funcións.

Con relación á solicitude formulada, consta no departamento de promoción económica o expediente PROMECON/2024/000096, no que se solicita a renovación do selo de mercado excelente, solicitude que foi estimada por resolución con entrada neste Concello o 16 de maio de 2025.

Tendo en conta a petición da Unión de Consumidores de Galicia en relación coas obrigas establecidas na lei 19/2013 de 9 de decembro, compre dar acceso á información que se solicita, e por tanto, vista a proposta da Área de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda darlle acceso, en función da solicitude formulada e en cumprimento do disposto na Lei 19/2013 con relación ao dereito de acceso a información pública, ao expediente PROMECON/2024/000096_solicitude de renovación do selo de mercado excelente, coas limitacións derivadas da protección de dereitos de terceiros e especialmente, da lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e normativa que a desenvolve.

PRP2025/2131

Na data 30 de decembro de 2024 tivo lugar a Comisión de Seguimento Ordinaria do Convenio de Colaboración a Agencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) e a Federación Galega de Municipios e Provincias, na devandita comisión propúxose o mantemento da consideración como aula de referencia a aula CEMIT do Concello de Vilagarcía para o ano 2025, coas obrigas inherentes a tal condición.

O 24 de febreiro de 2025 o Consello da Xunta autorizou a subvención a 55 entidades locais consideradas como aulas de referencia e que están integradas na rede de aulas CEMIT, entre as que se atopa a aula CEMIT do Concello de Vilagarcía.

Según o anteriormente exposto, infórmase da concesión da subvención ao Concello de Vilagarcía de 15.000€, para o desenvolvemento das actuacións que en materia de inclusión dixital que se realicen nas aulas de referencia da rede CeMIT, na anualidade 2025.

A xustificación económica desta subvención realízase co custo da contratación do Técnico Informático Alberto Fandiño Mariño, que ven realizando as actuación de capacitación e inclusión dixital na aula CEMIT.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2025/2095

Unha vez presentada a VIII edición do Festival Internacional de Música clasclás perante os medios de comunicación o pasado luns 21 de abril, compre proceder á formalización dos contratos artísticos correspondentes.

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a contratación de ARTSIMES S.L. con CIF B98153992 para que Spanish Brass realice o concerto inaugural da VIII edición do Festival Internacional de Música clasclás o día 21 de xuño de 2025, ás 21 horas, no Auditorio Municipal, polo importe total de 6.655,00 € (5.500,00 € + 1.155,00 € do 21 % do IVE) con cargo á partida 3261 22609 do Proxecto con código 2025-3-CRRTE-5 Liña 3, financiada co Plan + Provincia.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/2096

Unha vez presentada a VIII edición do Festival Internacional de Música clasclás perante os medios de comunicación o pasado luns 21 de abril, compre proceder á formalización dos contratos artísticos correspondentes.

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a contratación de MITO CONCERTS S.L. con CIF B65586000 para que O Cuarteto Bennewitz realice un concerto na VIII edición do Festival Internacional de Música clasclás, o día 24 de xuño de 2025, no Auditorio Municipal, polo importe total de 8.228,00 € (6.800,00 € + 1.428,00 € do 21 % do IVE) con cargo á partida 3261 22609 do Proxecto con código 2025-3-CRRTE-5 Liña 3, financiada co Plan + Provincia.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/2097

Unha vez presentada a VIII edición do Festival Internacional de Música clasclás perante os medios de comunicación o pasado luns 21 de abril, compre proceder á formalización dos contratos artísticos correspondentes.

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a contratación de LAUREL DEL APOLO S.L.U . con CIF B50726603 para que AL AYRE ESPAÑOL realice un concerto na VIII edición do Festival Internacional de Música clasclás, o día 27 de xuño de 2025, no Auditorio Municipal, polo importe total de 6.050,00 € (5.000,00 € + 1.050,00 € do 21 % do IVE) con cargo á partida 3261 22609 do Proxecto con código 2025-3-CRRTE-5 Liña 3, financiada co Plan + Provincia.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/2098

Unha vez presentada a VIII edición do Festival Internacional de Música clasclás perante os medios de comunicación o pasado luns 21 de abril, compre proceder á formalización dos contratos

artísticos correspondentes.

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as seguintes contratacións para a realización da Gala Lírica de clausura do Festival, o día 28 de xuño de 2025, con cargo á partida 3261 22609 do Proxecto con código 2025-3-CRRTE-5 Liña 3, financiada co Plan + Provincia:

- Miren Urbieta Vega, con NIF 72495763Q polo importe total de 3.300,00 € (3.000,00 € + 300,00 € do 10 % do IVE)
- Asociación Cultural Orquesta GAOS, con CIF G70233424 polo importe total de 6.000,00 € *Exenta do IVE

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

SANIDADE

PRP2025/2055

Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Cemiterios, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a adxudicación na modalidade de concesión das Unidades de Enterramento abaixo referenciadas. Unha vez transcorrido o prazo de 75 anos, dacordo co establecido no artigo número 6.1 da Ordenanza Fiscal número 5 reguladora da taxa do Cemiterio Municipal, deberá procederse, no seu caso, a renovación do aluguer.

Cemiterio de Vilagarcía de Arousa					
Número Nicho	Modalidade Adxudicación	Titular	Importe	Data inicio Concesión	Data fin Concesión
V4518 V4519	Concesión	Dª. Beatriz Montáns Leal	681.10€ 681.10€	Marzo 2025	Marzo 2100

PRP2025/2073

Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Cemiterios, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a permuta das unidades de enterramento abaixo indicadas. Nesta permuta manteranse as condicións de adxudicación da UE V4568 no referente ao período de adxudicación.

Unha vez transcorrido o prazo de 5 anos, dacordo co establecido no artigo número 6.1 da Ordenanza Fiscal número 5 reguladora da taxa do Cemiterio Municipal, deberá procederse, no seu caso, a renovación do aluguer.

Cemiterio de Vilagarcía de Arousa					
Número Nicho	BAIXA Adxudicación	Titular	Importe	Data inicio Concesión	Data fin Concesión
4568	Baixa Aluguer	D. Juan José García Gerpe	€113.55	2024	2029
Número Nicho	ALTA Adxudicación	Titular	Importe	Data inicio Concesión	Data fin Concesión
4574	Permuta	D. Juan José García Gerpe	PERMUTA POR V4568	2024	2029

A liquidación co identificador de valor número 20247836060CT10L000022, aboada o 8/10/2024, que fai referencia á Unidade de Enterramento número V4568 polo período 2024-2029, aplicárase á Unidade de Enterramento número V4574 polo período 2024-2029.

PRP2025/2074

Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Cemiteiros, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a adxudicación na modalidade de concesión da Unidade de Enterramento abaixo referenciada.

Unha vez transcorrido o prazo de 75 anos, dacordo co establecido no artigo número 6.1 da

Ordenanza Fiscal número 5 reguladora da taxa do Cemiterio Municipal, deberá procederse, no seu caso, a renovación da concesión.

Cemiterio Xeral de Vilagarcia				
Número Nicho	Modalidade Adxudicación	Titular	Importe	Concesión
V4568	Concesión	D ^a . Alfonso Orvich del Oro	681.10€	2024-2099

PRP2025/2084

Con data 30 de marzo de 1998 adxudicouse a unidade de enterramento número V3155 sita no Cemierio de Vilagarcía de Arousa a nome de D^a. Josefa Pérez Melendez.

Con data 28 de abril de 2025 se solicita o cambio de titularidade da citada unidade de enterramento a favor de D^a. Montse Fajardo Pérez.

Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Cemiterios, unha vez comprobada a documentación presentada, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar o cambio de titularidade da Unidade de Enterramento abaixo indicada

Cemiterio Xeral de Vilagarcía			
Número UE	Anterior Titular	Novo Titular	Período Concesión
V3155	D ^a . Josefa Pérez Melendez	D ^a . Montse Fajardo Pérez	2023-2028

PRP2025/2085

Con data 13 de xaneiro de 2025 adoptouse acordo relativo ao cambio de titularidade das UE número V2440 e V2441 sitas no Cemiterio de Vilagarcía de Arousa a favor de D. Juan Carlos e D. José Buceta Vizoso nunha porcentaxe do 50% cada un deles.

Dacordo co solicitado por D. Juan Calos Buceta Vizoso no escrito de data 1 de abril de 2025, e vista a proposta do Concelleiro Delegado de Cemiterios, unha vez comprobada a documentación presentada, a Xunta de Goberno Local acorda a rectificación do acordo adoptado o pasado día 13/01/2025 relativo ao cambio de titularidade das Unidades de Enterramento abaixo indicada

Cemiterio Xeral de Vilagarcía		
Número UE	Anterior Titular	Período Concesión
V2440	D. Juan Carlos Buceta Vizoso	1986-2085
V2441	D. José Antonio Buceta Vizoso	1986-2085

PRP2025/2132

O Concello de Vilagarcía de Arousa conta con dous Cemiterios Municipais, un deles na parroquia de Arealonga e outro na parroquia de O Carril. Actualmente o servizo non dispón de ningún vehículo para que os traballadores poidan trasladarse dun Cemiterio a outro para poder prestar os servizos funerarios así como poder levar a cabo o transporte da maquinaria necesaria para poder levar a cabo as tarefas de mantemento.

Ata o día de hoxe, estos traslados son efectuados cos vehículos particulares dos funcionarios adscritos ao servizo, co inconveniente de non poder trasladar maquinaria dun cemiterio a outro, tendo que recurrir ao servizo de obras para que fagan dito traslado. Adxuntanse orzamentos das empresas que presentan oferta: Santander Consumer Renting SL – 1.214,94€ iva incluído – Duración do contrato 1 ano Alvegal SL – 545€ iva incluído – Duración do contrato 1 ano OneFurgo Alquiler de Furgonetas SL – 908,70€ iva incluído – Duración do contrato 1 ano A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o aluguer dun vehículo, con gancho de remolque, á Empresa Alvegal SL, por un importe mensual, IVE incluído de 544,50 €, polo tempo necesario para tramitar o expediente de renting, e en todo caso por un prazo máximo de un ano (maio 2025-abril 2026), con cargo á partida 164.204. (6.534,00 €/ano).

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

XUVENTUDE

PRP2025/1976

Pola Concellería de Xuventude dáse conta da necesidade de traslado do Campamento Urbano de Verán, do Ceip Arealonga ao Ceip A Lomba. O pasado 9 de maio, este departamento é informado de que o centro educativo inicialmente previsto para a realización do Campamento Urbano de Verán dos nenos/as de tres a seis anos, estará en obras durante o período de execución do mesmo. Por este motivo, vese necesario realizar o traslado da actividade a outro centro educativo que cumpra coas condición axeitadas para o seu desenvolvemento. A nova localización proposta é o CEIP A Lomba, que conta eos espazos e recursos necesarios para garantir a correcta realización do campamento.

Ademáis na XGL do 17 de marzo de 2025, foron adxudicados os servizos de limpeza á empresa Clece e o servizo de comedor á empresa José Fajardo S.L. Unha vez consultadas ambas entidades sobre un posible cambio de localización, manifestaron que non existe inconveniente en manter os servizos no novo centro, respectando os prezos estabalecidos e aprobados na mencionada XGL. Vista a proposta da Concellería de Xuventude, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o cambio de centro educativo para realización do campamento urbano de verán de nenos/as de tres a seis ano para o CEIP A Lomba.

PRP2025/2045

A Concellería de Xuventude propón á XGL a aprobación das bases para a realización dun CAMPAMENTO DIXITAL destinado a 20 menores de idades comprendidas entre os 11 e os 13 anos (ambos inclusive), que estean empadroados/as en Vilagarcía de Arousa e a realizar do 28 de xullo ao 8 de agosto no aula CEMI de Vilagarcía de Arousa.

Este campamento insírese dentro dun programa formativo realizado en convenio coa FUNDACIÓN CIBERVOLUNTARIOS, dentro do marco de CODI, Programa de Competencias Dixitais para a Infancia, financiado por Next Generation EU, no contexto do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Ministerio de Infancia e Xuventude.

O presente campamento dixital está dirixido a rapaces e rapazas de 11 a 13 anos e desenvolverase no Aula CEMIT de Matosinhos. O seu obxectivo é fomentar un uso exitoso, útil, creativo, seguro e responsable de Internet, capacitando aos participantes en competencias dixitais fundamentais para a súa formación e futuro desenvolvemento persoal.

Datas e horario: Do 28 de xullo ao 8 de agosto de 2025, en horario de 10:00 a 13:00 horas.

Ao rematar o campamento, os/as participantes recibirán un certificado DigComp, acreditando as competencias adquiridas.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases para realización do citado Campamento Dixital.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2025/2069

Dáse conta da chegada a este Concello de notificación da resolución da directora xeral de

Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático de concesión de axuda convocada ao abeiro da Orde do 28 de novembro de 2024 pola que se aproban as bases e a convocatoria para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas na área de influencia socioeconómica do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia para o ano 2025 (código de procedemento MT821A) para o proxecto “estudio e análise fisicoquímico e caracterización do solo do parque de Compostela e elaboración de propostas de mellora e xestión do solo e selección de especies acondicionadas á contorna”.

Segundo o presuposto inicial, o orzamento total subvencionable

	IMPORTE SUBVENCIONABLE	ACHEGA MUNICIPAL (IVE)	TOTAL
ORZAMENTO PROXECTO	9 900 €	2 079 €	11 979 €

IMPORTE TOTAL SUBVENCIONADO: 9 900 €.

O Concello deberá cumprir coas obrigas de publicitar a axuda concedida durante a realización desta, así como nos anuncios e programas previos.

Deste xeito deberá exhibirse un panel de tamaño A3 (297X420mm), nun lugar visible, preferentemente no acceso ao recinto nos casos de subvencións concedidas para investimentos materiais, que fará referencia clara e inequívoca á axuda concedida con expresión dos datos identificativos a Orde reguladora destas axudas, acompañados polo logotipo oficial da Xunta de Galicia e do Parque Nacional Marítimo-Terrestres das Illas Atlánticas de Galicia, xunto co logotipo da Rede de Parques Nacionais.

Por isto, vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- A aceptación da subvención e das condicións contidas na convocatoria.
- 2.- Dar conta da resolución ao Departamento de Intervención.
- 3.- A aprobación da achega municipal por IMPORTE DE 2.079 euros, correspondente ao concepto de IVE.
- 4.- A adxudicación á Empresa INNOVA LOCAL S.L., con CIF B56956162 a realización do estudo do solo segundo a memoria técnica que presenta a empresa por un importe de 11 979 € (IVE incluído), con cargo á partida 1720.22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/2087

Dáse conta da chegada a o Departamento de Medio Ambiente o día 12/03/2025 dunha comunicación de Augas de Galicia no que achega o informe correspondente á auditoría realizada no funcionamento da EDAR e no que se indican os seguintes aspectos:

- Cumprimento das esixencias da Directiva 91/271/CEE en tódalas mostras tomadas.
- A valoración da calidade global da EDAR é DEFICIENTE.
- Equipo de desinfección en funcionamento con rendemento insuficiente

Así mesmo fan unha serie de recomendacións para subsanar as deficiencias.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e que se remita a comunicación á Empresa concesionaria do Servizo Espina & Delfín SL aos efectos oportunos.

PRP2025/2141

Dáse conta da chegada a este Concello da resolución da directora xeral de Administración Local, por delegación do conselleiro da Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia de concesión de subvención Fondo de compensación Ambiental na liña NON COMPETITIVA convocada ao abeiro da Orde do 23 de xaneiro de 2025 polo que se acorda conceder a este Concello unha subvención por importe total de 10 917,46, para o proxecto denominado RENOVACIÓN DO

SISTEMA DE ILUMINACIÓN DA PRAZA DE ABASTOS (ZONA PEIXARÍA)?.

O orzamento total subvencionable é 17 999,92 euros, cantidade que ven recollida na mencionada resolución de concesión como orzamento total, xa que é a que se estableceu na solicitude da subvención.

IMPORTE TOTAL SUBVENCIONADO: 10 917,46 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aceptar a subvención e as condicións contidas na convocatoria e na resolución de concesión.

PRP2025/2143

Con data do 30 de decembro de 2024 publicouse no Diario Oficial de Galicia (DOG número 250) a Orde do 17 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal para a mellora dos puntos limpos fixos, a adquisición de puntos limpos de proximidade, a adquisición de puntos limpos móbiles así como o fomento da preparación para a reutilización e a autorreparación (PxR), cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea- NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrència non competitiva por anticipado de gasto para o ano 2025 (código de procedemento MT975U).

O día 27 de xaneiro de 2025 a XGL acordou aprobar a solicitude destas axudas na súa LIÑA 1 (melloras nos puntos limpos existentes) e na súa LIÑA 4 (proxectos de construción e mellora de instalacións de preparación para a reutilización e/ou autorreparación de residuos domésticos recollidos separadamente).

O día de 24 de abril de 2025 a Xunta de Galicia notificou ao Concello de Vilagarcía a resolución da concesión das mencionadas axudas figurando este como beneficiario da LIÑA 1 cunha contía de subvención de 8.100,00 euros (sen IVE) e da LIÑA 4 cunha contía de subvención de 6.300,00 euros (sen IVE).

Na LIÑA 1 só se concedeu subvención para un dos conceptos incluídos no proxecto; o tapado da apertura lateral dun dos silos (9.000,00 euros sen IVE), non recibindo axuda para o concepto de instalación do teito dun dos silos (21.000,00 euros sen IVE). Polo tanto propónse descartar polo de agora a execución da obra correspondente a este último concepto xa que o Concello tería que asumir a totalidade dos custes. Con todo, consideran que sería oportuno realizar máis adiante dita obra (instalación de teito), ben con fondos propios ou a través doutra liña de axudas.

Tendo en conta o anterior, o Concello tería que asumir unha cantidade que podería supor aproximadamente 2.790,00 euros no caso da LIÑA 1 e 2.170,00 euros no caso da LIÑA 4, en concepto de IVE máis o 10% de cofinanciamento, facendo un total de 4.960,00 euros, en función do que resulte do procedemento de compra pública.

	TOTAL PROXECTO SEN IVE	IVE	TOTAL CON IVE	AXUDA CONCEDIDA (90%)	COFINANCIAMENTO (10%)	ACHEGA CONCELLO (10%+ IVE)
LIÑA 1	9.000,00 €	1.890,00 €	10.890,00 €	8.100,00 €	900,00 €	2.790,00 €
LIÑA 4	7.000,00 €	1.470,00 €	8.470,00 €	6.300,00 €	700,00 €	2.170,00 €
TOTAL AXUDA MT975U	16.000,00 €	3.360,00 €	19.360,00 €	14.400,00 €	1.600,00 €	4.960,00 €

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local acorda aceptar a subvención na súa LIÑA 1 e 4 (código de procedemento MT975U) e as condicións contidas na convocatoria e na resolución de concesión.

MULLER E PERSOAS MAIORES

PRP2025/1997

Vista a proposta da Área de Igualdade-CIM e Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a sinatura dun convenio de colaboración coa Asociación O Soño de Lilith para o desenvolvemento da IX edición do FESTIVALA, a desenvolver entre o 24 e o 31 de maio de 2025, cunha aportación municipal por un importe total de 33.275,00 €, e coa seguinte desagregación:

Provedor	Datos Fiscais	Servizo a prestar	Orzamento	Partida orzamentaria
-SONIDO ILUMINACIÓN GLOBAL SETUP. S.L.U	B94119104 N550 Km-102- 36655 36600 Caldas de Reis / PO	- Aluguer de son e iluminación	-6655,00 (IVE incluído)	-partida 2312-22610 da área de Igualdade - partida 334-22609 do Dpto. de Cultura - Partida 432.22610 da Concellería de Turismo.
PLAY PLAN CULTURAL SLU	B94168705 Rúa Ramón Bares 42 - baixo Bueu- 36930 Pontevedra	- Actuación de Tanxugueiras	-26.620,00 (IVE incluído)	-partida 2312-22610 da área de Igualdade - partida 334-22609 do Dpto. de Cultura - Partida 432.22610 da Concellería de Turismo

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/1999

Mediante Resolución de transferencias, do 11 de xullo de 2024, da Secretaría de Estado de Igualdade foron transferidos os fondos asignados aos Concellos para o exercicio 2024 (BOE 19 de xullo de 2024). Esta resolución recolle a contía correspondente a cada Concello, sinalando que ao Concello de Vilagarcía lle corresponde a cantidade de 18.623,45€ (€).

A competencia no Concello de Vilagarcía de Arousa, en relación aos programas e proxectos en materia de igualdade e violencia, obxecto destes fondos, corresponde á Área de Igualdade-CIM.

A Resolución sinala que as accións con cargo a estes fondos terán que ser executadas entre o 1 de xullo de 2024 e o 30 de xuño de 2025 e xustificadas na data límite de 30 de setembro de 2025.

A prevención da violencia machista constitúe unha liña transversal e prioritaria para a Área de Igualdade-CIM, que se materializa en diferentes intervencións orientadas a traballar, dende idades cada vez máis temperás, a igualdade entre homes e mulleres como estratexia de prevención e de promoción dunha sociedade máis xusta e equitativa e complementar a labor desenvolvida polo persoal docente nas aulas. Con esta proposta que se vai desenvolver nos centros educativos este ano, se pretende traballar a educación sexual a fin de responder ás inxerencias do alumnado cunha información clara e respectuosa e promover relacións de bo trato, baseadas no respecto, a empatía e a igualdade de xénero.

Ao fin dos obradoiros sobre educación sexual desenvolvidos na educación obrigatoria dos distintos centros educativos de Vilagarcía de Arousa, o CIFP Fontecarmoa solicitou a realización de dous obradoiros no seu centro para o alumnado dos ciclos de Auxiliar de enfermaría e Atención socio-sanitaria.

Para a realización desta actividade a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Dona Sabela Maceira Mato, por un importe total de 184,00 € (IVE exento), con cargo á partida 2312.22615.

Provedor	Datos fiscais	Servizo a Prestar	Orzament o
SABELA MACEIRA MATO	45872490-W Arnois. Vieites nº5, 36584 A Estrada /Pontevedra	4 horas / obradoiros de Educación sexual nos centros educativos de Vilagarcia	184,00€

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/2000

Dáse conta da Resolución da Deputación Provincial en relación á subvención solicitada ao abeiro do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal – Plan +Provincia 2025, liña 2: gasto corrente derivado da programación cultural , deportiva e social do Concello (Expte. 2025016468) para a realización do dun Programa para fomentar a igualdade de xénero.

Concedeuse unha subvención á Área de Igualdade – CIM de 13.246,50€ para a realización do programa mencionado cun custe total de 13.246,50€ e que consta das seguintes actividades:

- Un curso de formación en competencias clave Nivel 2 dirixido a mulleres vítimas de violencia de xénero e outras situacións de vulnerabilidade6.690,00€ (ive exento)
- Semana de actividades en torno ao papel e a presenza das mulleres na creación cultural.... 6.556,50€ (ive incluído)

En relación a esta semana de actividades aprobada na XGL do día 28/04/2025, se informa do seguinte.:

A fin de axustar o gasto realizado ao importe concedido pola Deputación para a realización desta semana de actividades, se informa que sexan incluídos no proxecto de gasto, pendente de crear,todos os contratos menores aprobados na XGL mencionada excepto os dous que se mencionan a continuación.

Estes gastos deben ser vinculados coa partida correspondente de gasto da área de igualdade.

-JULIA LAPORT RIVAS	-48116867Q Perillo – Oleiros 15172 A Coruña	Obradoiro de danza.	50,00€
-MARCIA VÁZQUEZ RAMÍREZ	-53820663L Avda. Alcalde Portanet 11, 9ºB 36210- Vigo- Pontevedra	- Obradoiro de danza.	50,00

A Xuna de Goberno Local queda sabedora.

CULTURA

PRP2025/1995

No Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 28, do martes 11 de febreiro de 2025, publicáronse as bases para subvencións da Deputación de Pontevedra para a creación, o mantemento e o reforzo dos servizos de normalización lingüística dirixidas aos concellos e a outras entidades locais da provincia para o ano 2025 procedement o SIA 687911).

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vilagarcía de Arousa , na sesión que tivo lugar o día 03 de marzo de 2025, adoptou, entre outros acordos, aprobar a presentación dunha solicitude para as ditas subvencións na liña de mantemento do Servizo de Normalización Lingüística (SNL) pola cantidade máxima subvencionable: vinte e cinco mil (25.000,00) euros.

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na sesión do 25 de abril de 2025, aprobou, entre outros asuntos, a concesión de subvencións para a creación, mantemento e reforzo dos servizos de normalización lingüística dirixidas aos concellos e outras entidades locais da provincia de Pontevedra para o ano 2025, con cargo á aplicación 25/334.3340.462.04 do vixente orzamento

pro vincial, correspondéndolle a o Concello de Vilagarcía de Arousa a cantidade de dezaioito mil oitocentos dezaioito euros con setenta e dous céntimos (18.818,72 €) para o mantemento do Servizo de Normalización Lingüística.

Por todo o anterior, a Concellería de Cultura, a través do Servizo de Normalización Lingüística dá conta da chegada a este Concello da resolución da concesión de subvencións para a creación, mantemento e reforzo dos servizos de normalización lingüística dirixidas aos concellos e outras entidades locais da provincia de Pontevedra para o ano 2025 pola cantidade de dezaioito mil oitocentos dezaioito euros con setenta e dous céntimos (18.818,72 €) para o mantemento do Servizo de Normalización Lingüística.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/2091

En XGL na sesión que tivo lugar o día 28-10-2024 adoptou o acordo na que establece:

“unha vez aprobado o trámite correspondente en X.G.L. de denuncia dos convenio Económico cultural entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e as distintas asociación que levan a xestión de actividades nos Centros Socio-Culturais Non Municipais, así como as actualización imprescindibles, polo que a Xunta de Goberno Local acorda a aprobación do novo modelo de convenio de colaboración para a xestión dos mesmos a partir do 1 de xaneiro de 2025”

Entre outras cláusulas, este borrador de convenio, establece:

A duración do convenio será de 2 anos e producirá efecto dende o 1 de xaneiro de 2025, e terá unha duración de 2 anos (2025 e 2026), que se prorrogará anualmente salvo denuncia expresa de calquera das partes cun previo aviso dun mes á data da finalización do mesmo.

O Concello comprométese a:

- Asumir ata un importe total anual máximo de 2.000,00€ para gastos e inversión vencellados a actividades culturais e de ocio, cursos de formación, equipamento, mobiliario e labores de limpeza desenvolvidas no centro, e que se concretaran anualmente mediante adenda que quedará incorporada ao presente Convenio. Dita adenda detallará segundo a súa natureza os gastos e as inversións a realizar durante dito ano.

A efectividade destas obrigas económicas queda condicionada ao cumprimento das normas que para a súa tramitación ven regulado no apartado 3º da proposta do Convenio: **PROCEDIMIENTO PARA A TRAMITACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO DERIVADOS DO CONVENIO DE COLABORACIÓN**”

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o convenio de colaboración, **PARA A XESTIÓN DO CENTRO CULTURAL GATO NEGRO DE CARRIL DE TITULARIDADE NON MUNICIPAL, ENTRE O CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA E A ENTIDADE CIRCULO ARTÍSICO DEPORTIVO GATO NEGRO DE CARRIL, PARA A SÚA POSTERIOR SINATURA.**

O Concello entre outras, comprométese a asumir ata un importe anual máximo de 2.000,00€, con cargo a aplicación orzamentaria 334-48201 para gastos e inversións vencellados a actividades culturais e de ocio, cursos de formación, equipamento, mobiliario e labores de limpeza desenvolvidas no centro, por un período de 2 anos, previsto por anualidades nas seguintes contías:

- Ano 2025: 2.000,00€
- Ano 2026: 2.000,00€

PRP2025/2094

O pasado día 9 de maio no Salón de Actos do Auditorio levouse a cabo a representación do espectáculo TRAUMAS REUNIDOS, tendo un prezo de entrada único de 11,00€ máis gastos de xestión, sendo a canle de venda: ataquilla.com. A recadación obtida foi para o solicitante.

O trámite para autorización de uso de instalación municipal, neste caso do Salón de Actos do Auditorio, non se levou a X. G. L. anterior a data da celebración, polo tanto non se valoraron e tramitaron as de taxas correspondentes.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, estableceuse as tarifas de uso das distintas instalacións municipais.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o cobro das taxas correspondentes o uso de instalación municipal, neste caso Salón de Actos do Auditorio, segundo o establecido na Ordenanzas Fiscais III.1 reguladora do prezo público pola prestación de servizos e utilización e outras instalacións do Concello de Vilagarcía de Arousa.

VALORACIÓN DE TASAS

ESPACIO	DIAS/HORAS	PREZO DÍA/HORA	IMPORTE TOTAL
SALÓN DE ACTOS DE AUDITORIO	1 DÍA	264,70€	264,70€
RESPONSABLE DE SALA	4 HS	10,20€	40,80€
OPERARIOS (2)	4HS x 2=8	10,20€	81,60€
TOTAL			387,10€

Dar conta ao Departamento de Rendas.

PRP2025/2100

Vista a solicitude de Dona Maria del Mar Lojo Otero, en representación da Asociación Cultural Recreativa Contra Vento e Marea, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello das seguintes actuacións, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra de Santa Marta en A Laxe, os vindeiros días 26 e 27 de xullo de 2025:

NOME DO GRUPO	C.I.F.	DÍA ACTUACIÓN	IMPORTE
ASOCIACIÓN CULTURAL CORAL SAN PEDRO DE CORNAZO – Coral-	G94108933	27-07-2025	300,00€
ASOCIACIÓN CULTURAL LUMARADA DE CORNAZO			
• Gaitas -	G94150414	26-07-2025	350,00€
ASOCIACIÓN CULTURAL OS TERRIBLES DE AROUSA			
• Gaitas-	G36436947	27-07-2025	391,00€

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado, sendo isto requisito para efectuar a aprobación da factura correspondente e o aboamento da mesma.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2025/2102

Vista a solicitude de D. Manuel Oubiña Saavedra, en representación da Asociación Festas de Sobradelo, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello das seguintes actuacións, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración das Festas do Carmen en Sobradelo, o vindeiro día 19 de xullo de 2025:

NOME DO GRUPO	C.I.F.	DÍA ACTUACIÓN	IMPORTE
ASOCIACIÓN CULTURAL CORAL POLIFÓNICA DE SOBRADELO	G36216414	19-07-2025	391,00€

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado, sendo isto requisito para efectuar a aprobación da factura correspondente e o aboamento da mesma.

Comunícaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2025/2103

Vista a solicitude de D. Manuel Oubiña Saavedra, en representación da Asociación Festas de Sobrado, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello das seguintes actuacións, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración das Festas do Sacramento en Sobrado, os vindeiros días 10 e 11 de agosto de 2025:

NOME DO GRUPO	C.I.F.	DÍA ACTUACIÓN	IMPORTE
ASOCIACIÓN CULTURAL CORAL POLIFÓNICA DE SOBRADELO	G36216414	10-08-2025	391,00€
ASOCIACIÓN CULTURAL NÓS DE SOBRADELO -Gaitas e baile-	G36043933	10-08-2025	391,00€

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado, sendo isto requisito para efectuar a aprobación da factura correspondente e o aboamento da mesma.

Comunícaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2025/2105

Vista a solicitude de D. Germán Manuel Torres de Aboal, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello das seguintes actuacións, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da festa de Corpus en Vilagarcía, o vindeiro día 22 de xuño de 2025:

NOME DO GRUPO	C.I.F.	DÍA ACTUACIÓN	IMPORTE
AGRUPACIÓN CORO PARROQUIAL STA. EULALIA	G36197721	22-06-2025	335,00€

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado, sendo isto requisito para efectuar a aprobación da factura correspondente e o aboamento da mesma.

Comunícaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2025/2106

Vista a solicitude de D. Alvaro Jesús Pérez Becerra, en representación de AINE PRODUCIÓN SL, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, os días 24 e 25 de outubro de 2025, durante todo o día, para a representación do espectáculo "SOMOS CRIMINAIS E PUNTO FINAL" protagonizada por Xosé Touriñán e Carlos Blanco, que se levará a cabo o día 24 en sesión de 21:00 horas e o día 25 en sesións de 18:30 e 21:00 horas debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

A venda de entradas será a través da canle Ataquilla.com, cun prezo de entrada de: Zona A: 20 €; Zona B: 18 €; Zona C: 15 € máis gastos de xestión, e a recadación será para a entidade solicitante. De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

ESPAZO	DIAS/HORAS	PREZO DÍA/HORA	IMPORTE TOTAL
SALÓN DE ACTOS DE AUDITORIO	2	264,70€	529,40€
PERSOAL	HORAS	PREZO	IMPORTE
RESPONSABLE DE SALA:			
DÍA 24-10-2025: *DE 09:00 A 14:00: 5 H. *DE 16:00 A 22:00: 7H. *DE 22:00 A 23:00; 1 H.	DÍA 24-10: 12 horas x 10,20€ 1 h. (de 22.00 a 23:00 h.) incrementase 25%: 12,75€	102,00€	Día 24-10-2025: 114,75€
DÍA 25-10-2025: *DE 16:00 a 22:00: 6 H. *DE 22:00 a 00:00: 2 H. *DE 00:00 a 01:00: 1 h.	DÍA 25-10: 6 h. x 10,20 2 h. (de 22:00 a 00:00 h.) incrementase 25%: 12,75€ 1 h. (de 00:00 h. a 01:00 h.) incremento 50% 15,30€	12,75€ 61,20€ 25,50€ 15,30€	DIA 25-10-2025: 102,00€
-OPERARIOS (2 OPERARIOS)			
DÍA 24-10-2025: *DE 09:00 A 14:00: 5 H. *DE 16:00 A 22:00: 7H. *DE 22:00 A 23:00; 1 H.	DÍA 24-10: 12 horas x 10,20€ x 2 operarios 1 h. (de 22.00 a 23:00 h.) incrementase 25%: 12,75€ x 2 operarios	204,00€ 25,50€	Día 24-10-2025: 229,50€
DÍA 25-10-2025: *DE 16:00 a 22:00: 6 H. *DE 22:00 a 00:00: 2 H. *DE 00:00 a 01:00: 1 h.	DÍA 25-10: 6 h. x 10,20 x 2 2 h. (de 22:00 a 00:00 h.) incrementase 25%: 12,75€ x 2 1 h. (de 00:00 h. a 01:00 h.) incremento 50% 15,30€ x 2	122,40€ 51,00€ 30,60€	DIA 25-10-2025: 204,00€
PERSOAL TAQUILLA: (2 Persoas) DÍA 24:10: 18:00 a 22 :00 h.: 4 h. Día 25-10: 16:00 a 22:00 h. 6 h	10 hs x 10,20€ x 2 persoas	204,00€	24 e 25-10-2025: 204,00€
		TOTAL	1.383,65€

Dar conta ao Departamento de Rendas.

CONTRATACIÓN

PRP2025/2081

Dáse conta da concesión de subvención da Deputación Provincial de Pontevedra, ao abeiro do Plan + Provincia 2025 Liña 1_Investmentos, por importe de 48.092,66€ co obxecto do financiamento da actuación denominada "Plan de Implantación de Redutores de Velocidade en Viais Municipais", , quedando a concesión configurada do seguinte xeito:

ORZAMENTO	SUBVENCIÓN PLAN+PROVINCIA 2025	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS	FONDOS PROPIOS CONCELLO
48.092,66€	48.092,66€	0,00€	0,00€

A Xuna de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/2107

O Concello de Vilagarcía de Arousa, a través da subvención da Secretaría de Estado de Turismo do Ministerio de Industria Comercio e Turismo, no Eixo programático 4 (competitividade) inclúe, entre outras, a actuación 9 (Acondicionamento para uso turístico de parcela Ou Ramal 6800 m²), que conta cun importe total subvencionado de 1.158.294,00 € con cargo á referida axuda. Dentro da actuación nº9 englobase un segundo contrato asociado denominado "DIRECCIÓN DE OBRA DO PROXECTO DE RECUPERACIÓN DA FACHADA MARTIMA OU RAMAL-VILAGARCÍA DE AROUSA". CT 52/2025-e, estreitamente vinculado á citada actuación de acondicionamento para uso turístico de parcela en Ou Ramal (6.800 m²) cuxos obxectivos son:

- Creación de novos equipamentos e infraestruturas turísticas para mellorar a competitividade do destino (turismo de eventos).
- Mellorar a satisfacción e atracción de visitantes coa distribución de fluxos espaciais.

Vista a memoria de necesidade e idoneidade do contrato denominado "Dirección de obra do Proxecto de Recuperación da Fachada marítima Ou Ramal- Vilagarcía de Arousa" dentro do marco de actuación do plan de sustentabilidade turística, asinada con data 09/05/2025 pola Concelleira de Urbanismo, Movilidad e Educación, e de conformidade co artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento jurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, o referido contrato substanciarse como contrato menor de servizos. O presente contrato non foi fraccionado coa finalidade de diminuír a cuantía do mesmo e eludir así os requisitos de publicidade ou os relativos ao procedemento de adjudicación que correspondan, pois ten por obxecto a dirección facultativa dunha obra completa. Así mesmo, declárase que non se esta alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación. En virtude do establecido na Lei de Ordenación da Edificación, para a execución das obras e traballos que se describen no proxecto, é necesario levar a cabo a contratación dun Director de Obra, que será o axente que, formando parte da dirección facultativa, dirixirá o desenvolvemento da obra nos aspectos técnicos, estéticos, urbanísticos e ambientais, de conformidade co proxecto que a define, a licenza de edificación e demais autorizacións preceptivas e as condicións do contrato, co obxecto de asegurar a súa adecuación ao fin proposto. O Concello de Vilagarcía de Arousa unicamente dispón no seu cadro de persoal dun arquitecto que ten encomendado, entre outros, tarefas de redacción de proxectos, de informes sobre temas urbanísticos e de planeamento, ademais de asistir ás reunións e sesións de traballo de modificación da actual PXOM de Vilagarcía de Arousa. Dada a carga de traballo que soporta este técnico non é posible que asuma a dirección dunha obra cun prazo de execución de 8 meses. Tendo en conta o persoal dispoñible por esta Administración, as tarefas que están realizando e a dedicación necesaria para realizar as tarefas de dirección da obra do PROXECTO DE

RECUPERACIÓN DA FACHADA MARTIMA O RAMAL- VILAGARCÍA DE AROUSA (cun prazo de execución de 8 meses e un orzamento de licitación de 1.120.041,33€), as cales requiren unha maior dedicación de medios e especializacións, considérase que non existen suficientes medios persoais e, por tanto, é necesaria a contratación externa da dirección facultativa da obra de referencia. O artigo 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento jurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establece que “Se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou os 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministracións ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal”. De conformidade coa providencia da Alcaldía de data 12 de maio de 2025 e previa emisión pola Axencia Tributaria (Minerva) do correspondente informe de risco de conflitos de interés, no que se indica que todas as parellas decisoras-potencial beneficiario están en situación de bandeira VERDE, se solicitou orzamento a Manuel Tanoira Carballo con NIF35458826W, o Sr. Tanoira Carballo presentou oferta económica a nome de BROTA ARQUITECTURA S.L.P. con NIF: B75639286, empresa cuxo titular Real é D. Manuel Tanoira carballo según información obtida do Rexistro Mercantil. Solicitado o correspondente informe de análise de Riscos de conflito de interés á AET (Minerva) en relación con D. Manuel Tanoira Carballo e Brota Arquitectura S.L.P., o resultado indica que toda as parellas decisor-potencial beneficiario están en situación de bandeira verde. Dentro do prazo de presentación de ofertas presenta a empresa BROTA ARQUITECTURA S.L.P. a seguinte:

Sen IVA	IVA (21%)	Total (IVA inc.)
14.849,00 €	3.118,29 €	17.967,29 €

O prazo de execución deste contrato será de 8 meses. Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar o contrato menor de servizos denominado "Dirección de Obra do proxecto obra do proxecto de Recuperación da Fachada Marítima o Ramal de Vilagarcía de Arousa", financiado con cargo á resolución da Secretaría de Estado de Turismo do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo pola que se concede unha subvención ao Concello de Vilagarcía de Arousa ao amparo do Real Decreto 1072/2021 do 7 de decembro, polo que se regula a concesión directa de subvencións destinadas á financiación do Plan Nacional de sustentabilidade turística en destinos xacobeo 2021, no Marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia á mercantil Brota Arquitectura S.L.P. cun importe de 14.849,00 (IVE excluído) 17.967,29€ (21%ive incluído) con cargo á aplicación orzamentaria 133-6090018 (proxecto de gasto 2023/2 NEXT/9) do orzamento municipal vixente. O Contratista deberá entregar no prazo de 5 días seguintes ao da finalización do contrato, un informe final con dossier fotográfico da evolución das obras, do resultado final e do cartel de obra acorde ao correcto emprego dos emblemas e logos asociados ao PSTD.

PRP2025/2109

Dáse conta da proposta para aprobar a autorización para a redacción de proxecto modificado do investimento “Humanización rúa Conde Valledano”:

1. Por acordo da Xunta de Goberno Local, de data 25 de marzo de 2024, aprobouse o proxecto técnico denominado “Humanización da rúa Conde Valledano”, redactado polo arquitecto don Mariano Vázquez Iglesias, cun orzamento de licitación de 632.220,04 € (IVE engadido).

2. A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, con data 27 de setembro de 2024, concedeu unha subvención ao concello de Vilagarcía de Arousa, por importe de 632.220,04€, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, liña 1_Investmentos, con destino ao financiamento do proxecto arriba referido.

3.- A Xunta de Goberno Local, en sesión 10 de febreiro de 2025, acordou a adxudicación do contrato de obra denominado “Humanización da rúa Conde Vellellano” á mercantil Movemento de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L., por importe de 456.452,42€ (sen IVE) ao que lle corresponde un IVE (21%) de 95.855,01€, o que totaliza un importe (IVE engadido) de 552.307,43 €.

4.- A sinatura da acta de comprobación de replanteo tivo lugar o 13 de marzo de 2025.

5.- Pola directora de obra, a arquitecta dona Lucía Araujo Castiñeiras solicítase, con data 18 de maio de 2025 (registro WEB2025003839), redacción de proxecto modificado, por importe de 525.997,64€ (orçamento de execución material), sobre un orzamento inicial de licitación material de 439.072,19€, o que supón un incremento do 19,80%, é dicir 86.925,45€; que a prezos de adxudicación do contrato (execución material) ascendería a 75.938,07€.

Execución material	Licitación	Adxudicación
Proxecto	439.072,19€	383.573,47
Modificado	525.997,64€	459.511,54€
Diferenza	86.925,45€	75.938,07€

No proxecto modificado deberán constar as cantidades incluídos gastos xerais, beneficio industrial e IVE.

6.- O arquitecto municipal, con data 23 de maio de 2025, emite informe favorable para autorizar a redacción do proxecto modificado.

Visto o que antecede, e o informe favorable do arquitecto municipal, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a redacción de proxecto modificado da “Humanización Rúa Conde Vellellano”.

A redacción do proxecto modificado, deberá redactarse polo director de obra, dándolle audiencia ao contratista por prazo mínimo de tres días.

Unha vez realizado ditos trámites será sometido á consideración da Xunta de Goberno Local, acompañado do informe xurídico ao que fai referencia a disposición adicional terceira, punto 8 da LCSP.

Dado que a inversión está cofinanciada pola Deputación Provincial ao abeiro do Plan + Provincia 2024, liña 1_Investmentos , deberá darse traslado do proxecto modificado e da súa aprobación, no seu caso, ao organismo provincial.

PRP2025/2133

Visto o estado de desuso no que se atopa o depósito de auga sito na rúa Jorge Rodríguez Padín en Vilaxoán que, ademais, presenta risco de posibles desprendementos para os viandantes; o concello de Vilagarcía de Arousa impulsou a súa demolición o acondicionamento de terreo para incorporación ao vial público.

Para isto redactouse polo enxeñeiro técnico municipal proxecto técnico denominado «Demolición do depósito de auga e ensanche de vial en O Freixo Vilaxoán», cun orzamento de 23.143,01€ (sen IVE); 28.003,04€ (IVE engadido), cun prazo de execución de 1 mes.

A precitado contrato presentáronse as seguintes empresas:

Licitador	Oferta (IVE excluído)	Oferta (IVE engadido)
MULTISERVICIOS CONTUCHO SL	22.314,05€	27.000,00€
MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (MARCONSA)	22.500,00€	27.225,00 €

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 12 de maio de 2025 acordou adxudicar o contrato á mercantil Multiservicios Contucho, S.L. (B36449031).

O 21 de maio de 2025, don José Antonio Fernández Pérez, en representación de Multiservicios Contucho, S.L., presenta a través do rexistro electrónico deste Concello (WEB2025003970), escrito onde fai constar que retira a súa oferta, motivado en que o elevado número de baixas laborais de longa duración que non lle permitirían realizar os traballos.

Visto o informe emitido pola Secretaria Xeral do Concello, con data 26 de maio de 2025, considérase que, non se teñen causado prexuízos significativos a este concello como para a imposición de penalidade á mercantil Multiservicios Contucho, S.L.

En consecuencia, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Resolver a adxudicación do contrato de «Demolición do depósito de auga e ensanche de vial en O Freixo Vilaxoán», efectuada pola Xunta de Goberno Local do 12 de maio de 2025, a favor de Multiservicios Contucho, S.L.

Segundo.- Adxudicar o contrato de «Demolición do depósito de auga e ensanche de vial en O Freixo Vilaxoán» ao á mercantil, Movimiento de Áridos y Construcciones de Arousa, S.L., por un importe de 22.500,00€ (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE 21% de 4.725,00€, o que totaliza un importe de adxudicación de 27.225,00€.

PRP2025/2134

O Concello de Vilagarcía de Arousa recibiu, mediante Resolución do 14 de setembro de 2022, unha subvención da Secretaría de Estado de Turismo do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo para a realización do Plan de Sustentabilidade Turística en Destino “PSTD Concello de Vilagarcía de Arousa”, enmarcado no Plan Nacional de Sustentabilidade Turística en Destinos Xacobeo 2021, así como as actuacións especificadas no anexo da Resolución de concesión (modificada posteriormente mediante resolucións do 7 de xullo de 2023 e do 19 de febreiro de 2025). Dentro das actuacións subvencionables, no Eixo programático 3 (Transición dixital) atópase a actuación nº 5, destinada ao Desenvolvemento dunha web, app e contidos multimedia.

Dentro desta actuación nº 5 do eixo 3 englobase un contrato asociado denominado “Desenvolvemento de contidos multimedia para promoción de turismo verde con adaptacións a redes” (CT 55/2025), cuxos obxectivos son:

A mellora da xestión turística do destino e a creación de produto especializado.

A promoción do produto turístico e do destino.

A mellora da imaxe do destino.

Vista a memoria asinada pola Concelleira de Urbanismo, Movilidad e Educación con data 21 de maio de 2025, na cal se xustifica a necesidade e idoneidade do contrato denominado “Desenvolvemento de contidos multimedia para promoción de turismo verde con adaptacións a redes”, encadrado dentro do marco de actuación do plan de sustentabilidade turística (PSTD).

O Plan de Sustentabilidade Turística do concello de Vilagarcía é un proxecto aprobado no marco do Plan Estatal Xacobeo financiado con fondos NEXTGENERATION e que está dotado con 2.490.852 euros destinados á transformación do modelo de xestión turística dunha vila con recursos e servizos con capacidade tractora e cun posicionamento privilexiado na comarca do Salnés, o segundo destino de Galicia (despois de Santiago de Compostela). O Plan contempla unha serie de medidas para mellorar a sustentabilidade da cadea de valor do destino, avanzar nun modelo baseado na gobernanza compartida e intelixente e mellorar a competitividade do destino con parámetros de desestacionalización, diversificación da oferta e creación de novos produtos.

Tendo en conta o recollido no artigo 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do

Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, que establece que “Se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal”.

De conformidade co citado artigo 118 da Lei 9/2017, o referido contrato substanciarase como contrato menor de servizos.

O presente contrato non foi fraccionado coa finalidade de diminuír a contía do mesmo e eludir así os requisitos de publicidade ou os relativos ao procedemento de adxudicación que correspondan. Así mesmo, declárase que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación. O contrato proposto cumpre co establecido no artigo 118 da Lei 9/2017 en relación a:

-Xustifícase a necesidade dos traballos obxecto do contrato.

-Non se está alterando o obxecto do contrato co fin de evitar a aplicación dos límites contemplados no art. 118.1 da Lei 9/2017, de contratos do sector público.

Tendo en conta a gran carga de traballo da área de Comunicación Social, a cal non deixa de crecer con funcións propias da mesma, así como a súa participación en proxectos europeos e a colaboración constante coas distintas áreas e departamentos do concello, ponse de manifesto a insuficiencia de medios humanos para poder realizar as prestacións que constitúen o obxecto do contrato e, por tanto, faise necesaria a contratación externa do contrato de servizos para o desenvolvemento dos citados contidos multimedia.

De conformidade coa providencia da Alcaldía de data 21 de maio de 2025 e previa emisión pola Axencia Tributaria (a través da súa ferramenta informática de ‘datamining’ para a análise de risco de conflito de interese denominada Minerva) do correspondente informe de risco de conflitos de interese, no que se indica que todas as parellas decisoras-potencial beneficiario están en situación de bandeira VERDE, solicitouse orzamento á seguinte mercantil:

ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS S.L. con NIF: B27786045

Dentro do prazo de presentación de ofertas presenta a seguinte:

Sen IVE	IVE (21%)	Total (IVE inc.)
10.815,00 €	2.271,15 €	13.086,15 €

O prazo de execución deste contrato será de 9 meses.

O contratista que resulte adxudicatario do contrato de referencia, ademais de cumprir con todas as obrigacións derivadas do financiamento do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), debe presentar dentro dos cinco días seguintes a adxudicación, un plan de traballo, @teniendo en cuenta que a prestación dos servizos obxecto do contrato debe materializarse no desenvolvemento dos seguintes contidos multimedia:

2 vídeos coas seguintes características:

Que mostren os valores paisaxísticos e ambientais da nosa fachada litoral e polo menos un deles a conservación e protección da área de Ou Ramal para garantir a súa sustentabilidade.

Que sexan evocadores dun territorio no que vivir experiencias singulares asociadas á nosa identidade mariñeira, a vida saudable e o turismo slow.

Mostrar as calidades de Vilagarcía de Arousa como cidade de servizos comprometida coa redución da pegada de carbono mediante a mobilidade alternativa.

1 teaser para o seu uso en redes sociais, de entre 15 e 30 segundos.

2 planos aéreos da fachada litoral do municipio para promoción turística en redes coas seguintes características.

O peso non debe ser superior a 6 megas.

Deben mostrar a beleza paisaxística do litoral de Vilagarcía de Arousa.

-1 creatividade da fachada marítima de Vilagarcía de Arousa para o seu uso en canles de promoción turística como redes sociais, pantallas informativas, eventos.... Dita creatividade debe ser presentada en dúas versións (vertical e horizontal) e o clame ou lema a usar na mesma será proporcionada polo responsable do contrato.

No marco do desenvolvemento das tarefas obxecto do contrato será necesario:

Que a adxudicataria xestione os dereitos de autor da música das pezas audiovisuais ou que utilice pezas libres de dereitos de autor compatibles en todas as redes sociais.

Que a adxudicataria entregue no prazo de 10 días desde a adxudicación do contrato un plan de traballo.

Que a adxudicataria entregue dentro dos cinco días posteriores á finalización do prazo de execución da prestación obxecto do contrato unha memoria final da actuación que recolla en pantallazos todos os materiais audiovisuais.

Os planos aéreos deben ser entregados cun prazo mínimo dun mes de antelación ao fin do contrato.

Todos os materiais a entregar levarán os logos asociados ao presente PSTD e no caso dos 2 vídeos unha máscara final que recolla o seguinte texto “Acción promovida polo Concello de Vilagarcía de Arousa e financiada pola UE-Fondos NG EU” acompañada dos logos asociados ao presente PSTD.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- ADXUDICAR O CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DENOMINADO “DESENVOLVEMENTO DE CONTIDOS MULTIMEDIA PARA PROMOCIÓN DE TURISMO VERDE CON ADAPTACIÓNS A REDES”, FINANCIADO CON CARGO Á RESOLUCIÓN DA SECRETARÍA DE ESTADO DE TURISMO DO MINISTERIO DE INDUSTRIA, COMERCIO E TURISMO POLA QUE SE CONCEDE UNHA SUBVENCIÓN Ao CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA AO AMPARO DO REAL DECRETO 1073/2021, DO 7 DE DECEMBRO, POLO QUE SE REGULA A CONCESIÓN DIRECTA DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS Ao FINANCIAMENTO DO PLAN NACIONAL DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA EN DESTINOS XACOBEO 2021, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, á mercantil ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS S.L. (NIF: B27786045); por un importe 10.815,00 € (IVE excluído), 13.086,15 € (21% IVE incluído), con cargo á aplicación orzamentaria 432-6410018 (proxecto de gasto 2023/2/NEXT/5) do orzamento municipal vixente.

PRP2025/2139

Dáse conta de resolución da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural de concesión dunha axuda por importe de 52.899,00€, ao abeiro do plan Camiña rural 2025-2026, destinado ao proxecto Mellora do Camiño a Renza en Sobrán.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/2149

Por providencia da alcaldía de data 08 de abril de 2025, aprobouse o expediente de contratación para adxudicar mediante procedemento aberto simplificado previsto no art.159 da Lei 9/2017 LCSP, tramitación ordinaria do expediente e mediante presentación de ofertas manual a través do Rexistro

Xeral do Concello de Vilagarcía de Arousa, do contrato denominado “CONCESIÓN ADMINISTRATIVA PARA A EXPLOTACIÓN DO QUIOSCO-BAR UBICADO NO PARQUE DA PRAIA DE COMPOSTELA, DENOMINADO “PAVILLÓN DE SERVIZOS” CT 29/2025- e, cun canon a aboar polo adxudicatario segundo exprese na súa oferta, tendo que ser como mínimo de 2.000€/tempada (500€/mes).

Vista a acta do órgano de asistencia do expediente de referencia, resulta que:

1.- Rematado o prazo de presentación de ofertas, concorreron os seguintes licitadores:

Daniel Díaz Paleo

David Lema Blanco

Esteban Carballo Villanueva

Jose Carlos González López

Daniel Stan

Sendo todos eles admitidos á licitación.

2.- Todos eles presentaron a correspondente proposta técnica e ofertaron o seguinte:

LICITADOR	PREZO/MES OFERTADO	HORARIO OFERTADO
Daniel Díaz Paleo	2.010,00€	Luns a mércores de 10:00 a 24:00 h. Xoves a domingo: de 10:00 a 7:30
David Lema Blanco	1.510,00 €	Luns a mércores de 10:00 a 24:00 h. Xoves a domingo: de 10:00 a 1:30
Esteban Carballo Villanueva	2.510,00 €	Luns a mércores de 10:00 a 24:00 h. Xoves a domingo: de 10:00 a 1:30
Jose Carlos González López	2.250,00 €	Luns a mércores de 10:00 a 02:00 h. Xoves a domingo: de 10:00 a 02:00 h
Daniel Stan	1.100,00 €	Luns a mércores de 11:00 a 02:00 h. Xoves a domingo : de 11:00 a 02:00 h

3.- Unha vez aplicados os criterios de valoración e adxudicación previstos no PCAP o resultado da valoración é o seguinte:

Proposta técnica:

LICITADOR	PROXECTO TÉCNICO (max. 25 puntos)
Daniel Díaz Paleo	20
David Lema Blanco	20
Esteban Carballo Villanueva	20
Jose Carlos González López	25
Daniel Stan	20

Criterios avaliados automaticamente:

LICITADOR	Puntuación OFERTADO	PREZO/MES	Puntuación HORARIO OFERTADO
Daniel Díaz Paleo	44,04		18,51
David Lema Blanco	33,09		16,12
Esteban Carballo Villanueva	55,00		16,12
Jose Carlos González López	49,30		20
Daniel Stan	24,10		0 (o horario de apertura ofertado non se axusta ao establecido no PCAP que fixa a hora de apertura ás 10:00h)

4.- O Órgano de asistencia concluíu a seguinte lista ordenada de maneira decrecente de puntuación, de acordo ás puntuacións obtidas polos licitadores:

LICITADOR	Puntuación proxecto	Puntuación OFERTADO	PREZO/MES	Puntuación HORARIO OFERTADO	Puntuación TOTAL
Jose Carlos González López	25	49,30		20	94,30
Esteban Carballo	20	55,00		16,12	91,12

Villanueva				
Daniel Díaz Paleo	20	44,04	18,51	82,55
David Lema Blanco	20	33,09	16,12	69,21
Daniel Stan	20	24,10	0,00	44,10

5.- O órgano de asistencia, de conformidade co disposto polo art. 150 da Lei de Contratos do Sector Público, acordou en sesión de data 14/05/2025:

1.- Propoñer ao órgano de contratación a adxudicación do contrato de concesión administrativa para a explotación de quiosco-bar ubicado no parque da praia de Compostela, denominado “pavillón de servizos”, a favor de don José Carlos González López, de conformidade coa súa oferta. A oferta do licitador é a seguinte:

1.- Canon: 2.250,00 €/mensuais (9.000,00 €/tempada de verán –do 1 de xuño ó 30 de setembro-)

2.- Proposta técnica presentada:

Música en directo, sesións Dj

Cine ao aire libre

Material deportivo (balóns, palas de padell, bolas...)

Degustación e maridaxes

Servizo de polbeiras no parque

Promoción e redes sociais (publicacións semanais, sorteos...)

Información turística sobre a historia da praia

Préstamo gratuito de cinseiros de praia

3.- Horario:

- Apertura: ás 10:00 h todos os días da semana
- Peche: axustarase ao disposto na Resolución da Alcaldía do 01/06/2024, pola que se establecen os horarios das licenzas de terrazas dos establecementos de hostalería:
 - Durante a semana: ata a 01:30 h
 - Fin de semana: ata as 02:00 h

Horario de apertura e peche dende o 1 de xuño ó 30 de setembro	De luns a mércores	De 10.00 horas a 02.00 horas
	De xoves a domingo	De 10.00 horas a 02.00 horas

6.- O Licitador presentou a documentación para ser adxudicatario do contrato.

En atención ao exposto, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato de concesión administrativa para a explotación de quiosco-bar ubicado no parque da praia de Compostela, denominado “pavillón de servizos”, durante o prazo de un ano, prorrogabl e por anualidades, ata un máximo de 3, (duración total 4 anos), a don José Carlos González López, de conformidade coa súa oferta, axustando os horarios de peche da terraza á Resolución da Alcaldía do 01/06/2024.

A oferta do licitador é a seguinte:

1.- Canon: 2.250,00 €/mensuais (9.000,00 €/tempada de verán –do 1 de xuño ó 30 de setembro-)

2.- Proposta técnica presentada:

Música en directo, sesións Dj

Cine ao aire libre

Material deportivo (balóns, palas de padell, bolas...)

Degustación e maridaxes

Servizo de polbeiras no parque

Promoción e redes sociais (publicacións semanais, sorteos...)

Información turística sobre a historia da praia

Préstamo gratuito de cinseiros de praia

3.- Horario:

Horario de apertura e peche dende o 1 de xuño ó 30 de setembro (proposto polo	De luns a mércores	De 10.00 horas a 02.00
---	--------------------	------------------------

licitador)		horas
	De xoves a domingo	De 10.00 horas a 02.00 horas

O contratista deberá axustar o horario de apertura e peche das instalacións ao seguinte:

- Apertura: ás 10:00 h todos os días da semana
- Peche: O horario de peche da terraza axustarase ao disposto na Resolución da Alcaldía do 01/06/2024, pola que se establecen os horarios das licenzas de terrazas dos establecementos de hostalería:
 - Durante a semana: ata a 01:30 h
 - Fin de semana: ata as 02:00 h
- Peche dos aseos durante o período de explotación da concesión do quiosco-bar (tempada de verán).

PRP2025/2154

Tramítase neste Concello expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria, para adxudicar a concesión administrativa para a explotación por unha tempada do quiosco-bar ubicado no parque da praia de Compostela denominado “Pavillón de Servizos”, cun canon anual mínimo de 2.000,00 €/tempada(do 1 de xuño ao 30 de setembro)

Con data 21/05/2025, D. Esteban Carballo Villanueva formulou recurso contra a proposta de adxudicación feita pola mesa de contratación da licitación de referencia ao considerar que a mesma incorre en vicios de falta de motivación, aplicación incorrecta dos criterios de adxudicación e vulneración dos principios de igualdade transparencia e non discriminación, indicando que existe unha falta de motivación da valoración do proxecto técnico e incoherencia na valoración do horario ofertado.

A Mesa de Contratación, na súa sesión do 28/05/2025, logo de examinar o recurso, acordou informar ao órgano de contratación o seguinte:

“A disposición final cuarta da Lei 9/2017, de contratos do sector público, dispón no seu apartado 1 que “Los procedimientos regulados en esta Ley se regirán, en primer término, por los preceptos contenidos en ella y en sus normas de desarrollo y, subsidiariamente, por los establecidos en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, y en sus normas complementarias.”

Pola súa banda, o art. 112.1 da Ley 39/2015 sinala que “Contra las resoluciones y los actos de trámite, si estos últimos deciden directa o indirectamente el fondo del asunto, determinan la imposibilidad de continuar el procedimiento, producen indefensión o perjuicio irreparable a derechos e intereses legítimos, podrán interponerse por los interesados los recursos de alzada y potestativo de reposición, que cabrá fundar en cualquiera de los motivos de nulidad o anulabilidad previstos en los artículos 47 y 48 de esta Ley.

La oposición a los restantes actos de trámite podrá alegarse por los interesados para su consideración en la resolución que ponga fin al procedimiento.”

O art. 116 da Lei 39/2015 sinala que serán causas de inadmisión dun recurso as seguintes:

“c) Trátase de un acto no susceptible de recurso.”.

Os acordos adoptados pola mesa de contratación na súa sesión de data 14/05/2024, son actos de trámite non decisorios polo que contra os mesmos non cabe ningún recurso, procedendo, polo tanto, a inadmisión do recurso presentado por D. Esteban Carballo Villanueva, sen prexuízo de que poidan ser tidas en consideración as súas alegacións na resolución que poña fin ao procedemento conforme ao disposto polo art.

112.1, segundo parágrafo da Lei 39/2015.”

Examinadas pola alcaldía os argumentos indicados polo Sr. Carballo en escrito presentado o 21/05/2025 en defensa dos seus dereitos, compre sinalar o seguinte:

A mesa de contratación avaliou directamente as propostas técnicas presentadas xa que dada a natureza das propostas e, ademais, ao contar a mesa de contratación coa presenza do arquitecto municipal, estimouse que procedía facer a avaliación das ofertas directamente polos asistentes.

O resumo de cada proposta técnica presentada polos licitadores figura na propia acta da mesa de contratación. Do simple exame e comparación das mesmas pode deducirse facilmente a valoración das mesmas aplicando os criterios previstos no PCAP (variedade de servizos a prestar; as características e duración, actividades lúdicas, deportivas e culturais ofertadas -sempre que se axusten á normativa vixente-), e eses criterios foron os que tivo en conta a mesa de contratación para valorar as propostas técnicas indicadas.

Para a valoración de mellora consistente na ampliación do horario de apertura mínimo sinalado na cláusula V do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (de 10:00 a 21:00), respectando en todo caso, os límites horarios establecidos na lexislación vixente, a mesa de contratación, considerando que no pavillón de servizos só se presta servizo en terraza, tivo en conta a Resolución da Alcaldía de data 03/06/2024, pola que se establecen os horarios das licenzas de terrazas dos establecementos de hostalería a partir do 01/06/2024, e que fixa os mesmos ata a 1:30 h durante a semana e ata as 2:30 h os fins de semana e, en consecuencia, non se tiveron en conta, na valoración das ofertas as propostas de ampliación de horario na parte que exceda dos horarios fixados na resolución de alcaldía antes citada.

En consecuencia, outorgou a máxima puntuación ao licitador proposto como adxudicatario e aos demais licitadores a puntuación correspondente atendendo a una regra de proporcionalidade (agás ao Sr. Stan, ao que non se lle valorou a mellora por incumprir o horario de apertura establecido no PCAP).

Sen prexuízo do anterior, debe terse en conta que o feito de que só se valoraran os horarios de prestación do servizo en terraza no implica que todas as ampliacións de horario ofertadas incumpriran a normativa vixente, e iso en base ao seguinte:

- A resolución da alcaldía de data 01/06/2024 unifica o horario de peche de terrazas dos establecementos de hostalería dende o 1 de xuño de 2024 ,con carácter provisional ata a modificación da ordenanza, do seguinte xeito:

- Durante a semana: ás 1:30 horas
- Fin de semana: ás 02:30 horas

- Pola súa banda, a Orde do 23 de outubro de 2020, da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas dispón no seu art. 5 o horario de peche dos establecementos abertos ao público e de finalización dos espectáculos públicos e actividades recreativas, fixando a hora de peche para os bares ata as 2.30 horas, e dispoñendo no seu art. 7 que “o horario de peche dos establecementos abertos ao público e de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas aos que se refire esta orde ampliárase con carácter xeral: – Media hora as noites que van do venres ao sábado, do sábado ao domingo e do domingo ao luns, así como as noites das vésperas dos días festivos e as propias noites dos días festivos.

Debe terse presente que os establecementos de hostalería deben pechar o servizo en terraza á hora determinada pola citada resolución da alcaldía de 01/06/2024, pero poden seguir prestando servizo no interior do establecemento ata a hora límite fixada na Orde do 23 de outubro de 2020, da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo pola que se determina

o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas. No pavillón de servizos obxecto de concesión, polo tanto, non se poderá prestar servizo de terraza a partir da hora de peche da mesma, pero si poderá prestarse servizo no pavillón propiamente dito (edificación/caseta).

En atención ó indicado, considerase que non procede apartarse da proposta de adxudicación formulada pola mesa de contratación, por ser a mesma correcta e axustada a dereito.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local acorda inadmitir o recurso presentado por D. Esteban Carballo Villanueva contra a proposta de adxudicación formulada pola mesa de contratación na licitación para a ADXUDICACIÓN DA CONCESIÓN ADMINISTRATIVA PARA A EXPLOTACIÓN DO QUIOSCO-BAR UBICADO NO PARQUE DA PRAIA DE COMPOSTELA DENOMINADO “PAVILLÓN DE SERVIZOS” CT 29/2025, en base aos argumentos transcritos anteriormente.

PRP2025/2162

Por acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión celebrada o 17 de abril de 2023, aprobouse o proxecto técnico denominado “Ampliación das instalacións e piscinas municipais de Fontecarmoa”, redactado polo arquitecto Jesús San Vicente Domingo, cun orzamento de 2.631.499,45 € (sen IVE); 3.184.114,33€ (IVE engadido).

O Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do 7 de marzo de 2023, BOPPO nº 46, publica as Bases reguladoras e convocatoria do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030 – Programa PON2030.

De acordo coa base reguladora 1ª o obxecto da convocatoria dirixese á concesión de subvencións aos concellos cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes para investimentos que se estruturan en catro liñas de actuacións: rehabilitación de edificios existentes (tipo 1), nova edificación (tipo 2), espazos urbanos (tipo 3) e residuos municipais (tipo 4).

O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria urxente do día 23 de xuño de 2023 adoptou, entre outros, acordo de aprobación de concesión de subvencións ao abeiro da convocatoria do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030 – Programa PON2030, figurando o concello de Vilagarcía de Arousa como un dos 40 concellos beneficiarios no ANEXO I de dito acordo plenario, cunha axuda por importe de 1.000.000,00€ para a execución da actuación denominada “Ampliación das instalacións e piscinas municipais de Fontecarmoa”.

Na súa sesión ordinaria do día 29 de setembro de 2023, o Pleno da Corporación Provincial adoptou, entre outros, acordo de modificación da base vixésima das bases reguladoras e convocatoria do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030 – Programa PON2030, quedando redactada co seguinte teor literal:

“As subvencións que se concedan no marco destas bases admiten a compatibilidade con outras axudas públicas ou achegas de particulares para a mesma finalidade, tanto as outorgadas por esta Deputación coma por outras administracións públicas, incluídos os fondos comunitarios, sempre que o importe destas, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, non supere o custo da actividade subvencionada.

Para estes efectos, e en conformidade co disposto no artigo 14.1.d) da LXS e no artigo 33 do RLGS, unha das obrigas do beneficiario é comunicarlle á Deputación a obtención doutras subvencións ou axudas que financien as finalidades subvencionadas.

No caso de que se obteña financiamento adicional, este considerase que reverte no 100% da achega municipal. De seguir existindo exceso de financiamento destinarase á minoración da achega da Deputación.”

